

i Terra nosa!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA


Volume 12.

10 cénts.



José Alcrudo Gorchs

POSTA DE SOL



**Las Maravillas del Mundo
y del Hombre**

Obra completa: 50 cuadernos

**ASIA & OCEANÍA
AFRICA & AMÉRICA
EUROPA**

1.50 CUADERNO

**EDITORIAL IBÉRICA: J. Pugés - S. en C.
Paseo de Gracia, 62
BARCELONA**

Pidase nuestro extenso Catálogo de obras publicadas

¡TERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE

ANO I | A CRUÑA, 30 Mayo de 1919. | VOLUME 12.

POSTA DE SOL

POR

JOSÉ ALCRUDO GORCHS



A CRUÑA


Tipografía d'EL NOROESTE

Real, 26

R. 12320



199





POSTA DE SOL

I

A CALUMNIA

Eran as oito do serán. Pechaban os comercios. A dependencia, leda e bullangueira, debordábase pol-as ruas arelosa de respirar o ar libre, ao tempo que pasenifamente dirixíanse aos seus respectivos fogares.

Entr'as follas dos árbores, unha lexión de pardales fentoaban un canto ao sol, que con divina maxestade poñíase pol-o ocidente; o trafego do ir e vir da moitedume que ateigaba as amplias estradas, o rodar dos numerosos tranvías e carruaxes, e o enxordecedore buguinear dos automóviles en tola e continúa circulación pol-a arteria da capital catalana, daban a-aque-la hora a sensación eisacta dos grandes boulevares parisienses, e amostraban o pulular da alma barcelonesa en toda a súa forza, en toda a intensidade da súa vida comercial e cosmopolita.

Os xóvenes dependentes formaban animados grupos que discurrían ledamente. Unhos falaban de diversións, outros d'esport, os menos de política. Aquí es-

talaba un coro de sonoras gargalladas; máis alá víase un grupo de dependentes, de camisería e mercería seguindo un fermoso fato de modistiñas, rivalizando unhos cós outros en inxenio ao lles dirixiren as suas endechas, cós fin de chamarlles a atención e de lles facer asomare a sursisa aos labres.

O ar, a luz, o enxordecedor bulicio d'aquela xeneración compacta i heteroxénea, denotaba todo elo vida e xuventude. Os homes repousados, axentes de negocios, escritores, músicos, e funcionarios do Estado, e os vellos de testa nevada e brancas barbas que apesar de formaren contraste co-a febril actividade propia da mocidade non podíanse sustraer d'aquél ambiente, os seus corazóns latexaban máis de presa, e os seus ollos adequirían máis brillo, ao se sentiren transportados en ás da imaxinación á tempos que foron, cando eles tamén sentían bulir-o sangue nas veas ao calor da fogueira xa estinguida: a xuventude.

Enrique Marsal, ao remañar o seu traballo d'aquella día, pechou o despacho e saéu á rúa. Ao recibire o saúdo do ar fresco do serán ateigáronsell'os pulmóns, e respiróu unha e outra vez con arela, como queréndose desquitare do atafegamento d'aqueles quentes días do estío.

Defñámonos un anaco á establecer conecimiento co-él, posto qu'è un dos principais personaxes d'esta novela.

Ao primeiro golpe de vista, podemos apreciare o seu porte distinguido, máis sin afectación. A sua frente ancha e despexada, demostra unha crara intelixencia e nobreza de sentimentos. A mirada severa, profunda e serea, indica qu'Enrique é franco e reflexivo. Seu nariz é lixeiramente encorvado, e a sua boca, pequena, e finamente dibuxada. Vai cuidadosamente afeitado, e cobre o seu labre superior, sedoso e pequeno bigote. O seu traxe, sinxelo, máis elegante, fala de que quen o leva téu unha posición acomodada sin chegare á opulencia.

Enrique contaría unhos vintécince anos, e faría cinco que tiña establecido un despacho de comisións e representacións que lle producía d'abondo pra vivi-

re sin luxo, sin que por elo tivera necesidade de pasar privacións, habendo chegado á xuntar unha pequena fortuna cō froito do seu incansable amor ao traballo.

Ainda moi neno, tivo a desgracia de perdere á súa nai; aos dazaioito anos finou seu pai, e dende aquél momento, concentróu todo o seu afecto, todo o amor que podía sentir o seu corazón, necesitado de querer e ser querido, en Monserrat, na súa amiga da niñez, filla do acaudalado don Ricardo Castellví.

Como íbamos decindo, ao saír Enrique do seu despacho, dirixéuse Rambla adiante, e ao chegare á praza de Catalunya, tomou o tranvía que, pasando pol-o paseo de Gracia e a rúa de Salmerón, vai á Bonanova.

Ende chegando á unha revoltada do paseo da Diputación dende onde fitase encravada na aba da montana de Coll, o barrio de Vallcarca, os seus ollos foron seguindo aquél grupo de pequenas casas espalladas pol-o pé da montana, das que as luces acesas ao saír pol-a boca das xanelas brillaban na obscuridade da noite, somellando rubis xigantescos despidentes d'intensos focos de luz, ao seren beixados pol-o prateado crerar da lúa d'aquela noite estival.

Os árbores d'un e d'outro lado da estrada, murmuraban docemente ao seren arrendeados pol-o fresco ar da mariña. Pol-as vías silenciosas e solitarias d'aquelas aforas, lonxe do balbor da cidade, viase de cando en cando amorosa parella de namorados camiñando á modo, moi á modo, cal si temeran despertar cō ruido das suas pisadas, os seus ensoños d'amor que vivían espertos. Á quietude e o silencio d'aquél paraxe, daban unha sensación de misterio.

Enrique, tamén suxestionado pol-o ambiente romántico, deixaba vagare o seu espírito pol-o espazo da ilusión, no que tan pouco vivimos. O tranvía, namentras, seguía impertérrito o seu trajecto.

O movemento de sacudida que fai o coche, ao obedecer o freno para realizare a parada, á tirare do seu ensimismamento ao noso amigo.

— ¡Craywinckel! — gritou o cobrador.

Baixou Enrique do tranvía, e siguiu á pé o seu camiño. Chegado que foi ao paseo de Bonanova, detivo-

se diante d'unha casa de quinta de magnífico aspecto, rodeada d'un fermoso xardín, e da que ao saír a luz pol-as xanelas, abertas de par en par, alumaba os árbores prósimos. Tocou o timbre qu'había na porta do enreixado, e un criado, sin se facer agardar saéu á abrírlle.

—Boas noites, Xuan;—díxolle o mozo—¿está na casa a señorita?

—Si, señorito Enrique. Teña a bondade de pasare á sala, que o agarda—contestóulle o sirvente ao mesmo tempo que volvía á pechar.

Non quixo ouvir máis o xoven Marsal, e atravesando o xardín, chegou á escaleira cujos peldanos rubéu de dous en dous. Unha vez enriba, detívose un anaco pra tomare alento, e calmare o natural acoramento que sentía. Ao fin, decidéuse á entrare, e puido ver d'ende a porta á Monserrat sentada diante d'un velador, lendo con moita atención un libro que tiña nas máns. Enrique, quitando o sombreiro, detívose atónito contemplando a figura xentil e fermosa da sua estimada.

Tería Monserrat unhos dazanove anos. Era admirada de todos, tanto pol-a delicada beleza da sua faciana, como pol-a non menos estimable do seu corazón.

Negros e crechos eran os seus cabelos; serea a frente; nariz pequeno e direito coma o d'unha estátua grega; ollos negros e brillantes someados por sedosas pestanas e ben dibuxadas cellas; os labres, roxos, cal si feitos foran do máis puro coral; dentes, brancos e mitudos; sua pel, aterciopelada e d'inmaculabre brancura, matizada de cór rosa nas suas tersas meixelas. Toda ela somellaba unha figuríña de Sévres co-a sua propia fragilidade, ou unha imáxe arrineada d'un soño ourental e traída á vida por arte d'encantamento.

Enrique procurou contèr a emoción que lle embargaba o espíritu, e sin se movere da porta, con voz tremante, murmurou máis que dixó:

—Deus a garde, Monserrat...

—¡Ah...! ¿Enrique...! ¿Que fai detido na porta? Entre, home, entre. ¿Sei que lle causeo medo?—díxolle ela sorrindo.

A Enrique córeúselle a faciana. Entrou inseguro e turbado, sin atopar palabras co-as qu'iniciare a conversa, por máis qu'esforzábase en saír d'aquela situación ridícula e noxosa.

Monserrat decatouse de contado, e saéu á lle prestar axuda.

—E dígame Enrique, ¿ven á me traer o libro de poesías?

—Sí, señorita—atinou á lle responder o atribulado xoven, sonroxándose novamente—, como me dixu qu'axiña remataba o outro...

—Agora, casualmente, leín as derradeiras páxinas, e por certo que gustóume moito. Máis, non creín qu'andivera tan de présa... E poida sere que ao vir aquí á esta hora, cáuselle molestia...

—De ningunha maneira, Monserrat. Non tan soio non é molestia para mín o vir á esta casa, sinon qu'eu... non sei...—barbotou Enrique, sentindo que un forte nó apertáballe a gorxa—estando preto de vostede... ao vel-a...

E non puido decir máis.

—Señorita—dixo unha criada, presentándose—o señorito Eduardo pide permiso para saudala.

—Fágao pasar...

O anunciado presentouse acto seguido. Era un xoven da mesma idade d'Enrique, aprosimadamente, máis xa de primeira inteneión notábase a diferenxia de posición do ún ao outro. Eduardo vestía con moita elegancia, levaba anelos de gran valor, e notábase nos seus modales qu'era acostumado á frecuentare á outa sociedade. En fin, era un d'estos pseudo-aristócratas, mestres no eloxio como na crítica, e qu'acochan baixo a aparencia d'unha cortesía e unha altura de miras esaxeiradas, os máis baixos sentimentos e os máis ruins propósitos.

O recién chegado adiántase apresuradamente onde Monserrat, e co-esa eterna surrisa aristocrática qu'os adorna, díxolle:

—Que dí a raiña dos nosos salóns? ¿Que mala acción cometín pra non vela á vostede por ningures?

—Vostede sempre tan esaxeirado, Eduardo...—dí-

xolle ela surtindo— Antes de ningunha cousa, permítame que lle presente ao meu amigo Enrique Marsal, comisionista e representante, o máis activo e intelixente da nosa cidade. O señor Eduardo Arnau do Castel, fillo do barón de Santa Creu.

Enrique alargóu a man murmurando unhas frases de cumprimento. Máis Eduardo dignóuse tan soio facer unha lixeira incrinación de cabeza, por non lle se-re posible o se rebaixare a dal-a sua man pulida e aristocrática, á un miserabre comerciante.

Enrique, diante tal desprante quedóu enteiramente confuso. Máis repóndose seguidamente, erguéu orgulloso a cabeza, e cravóu a sua ollada na d'Eduardo, de xeito ameazador. Os dous xóvenes, entendéronse.

*
* *

Pasada que foi unha semana, aínda Enrique non houbera podido desborrar da sua imaxinación a mirada de desprecio d'Eduardo. Pol-o camiño, no despacho, na sua casa, á todas horas, lembrábase da escena da presentación, e sentía com'unha queutura especial aqueataba o seu sangue, pol-a xusta indignación qu'o feito lle causara.

Por outra parte, dábase de conta da inmensa ventaxa que levaba o enemigo encol d'él, tanto pol-a sua posición, como pol-o seu trato. Porque era obrigado confesar qu'él có seu carácter tímido, e corto de palabras, non podía loitar có natural desenvolvemento e a facilidade d'eispresión que tiña Eduardo.

Dend'aquél día, o noso amigo non volvéu á poñel-os pés na casa de Monserrat, non sabendo de que xeito se lle presentar diante, e temendo que aquela á quen máis quería, s'houbera feito a ilusión de que aquela escena fora feita tan soio para se bulrare d'ela.

Eduardo, non había deixado d'entendel-a simpatía que Monserrat, "un dos millores partidos da cidade", sentía por Enrique. Máis él fiábase, seguro de sair victorioso d'aquela loita, tendo en conta os seus mé-

ritos personales, o título do seu pai, i en caso preciso, de calquera combinación qu'él sabería liar pra se desfacere do contrario.

Todo ao revés da conducta observada por Enrique, miudea as visitas á Monserrat, non pasando un soio día no que deixara de rondal-a sua "conquista".

N-esta situación atopábanse os dous rivales, e quén había de dicir que a causante de todo, Monserrat, achábase completamente descoñecedora d'esta loita.

E natural, así e todo, qu'ela estrañárase da ausencia do seu hó amigo, por un lado, e da asiduidade d'Eduardo en ire á vel-a, pol-o outro, e deseiosa de s'enterar dos motivos d'este trocamento, aproveitou a ocasión que lle proporcionaba un baile que próximamente se tiña de celebrar na sua casa, i en efecto, mandoulle unha invitación ao "desertor", como ela lle chamaba, acompañada d'agarimosa misiva.

Atopábase Enrique no seu despacho, cando entróu o seu dependente á l'entregar o sobre. Conocéu pol-a letra de quén era, e preguntóu:

—¿Quén trouxo esta carta?

—Un criado—respondéulle o dependente.

—¿Agarda resposta?

—Non señor; marchóuse de contado.

—Ben. Pode retirarse.

O dependente tornóu ao seu traballo, e o xoven Marsal co-a carta nas máns, ategado d'emoción, dáballo voltas e máis voltas sin s'afoutare a abril-a. ¿Que noticias traería aquela carta? ¿Debería estar ledo d'habel-a recifido, ou pol-o contrario proporcionaría-lle un desengano a sua lectura?

Ao fin, decidéuse. Rachóu o sobre, desdobreu o papel, e árefoso, devorando máis que lendo as palabras da misiva, leu:

"Meu querido amigo: Estóu verdadeiramente estrañada de o non volvere á ver máis pol-a miña casa. ¿E que trata de fuxir de mín? Non creio ser eu tan huraña que lle dea medo o me tratare...

—Acompáñolle unha invitación para un baile que tén de se celebrar nos nosos salóns na noite do 22. ¿Podo

contar co-a sua presenza? O non creio capaz de me desairar. Sua afectísima, Monserrat”.

Noso amigo lèu e relèu aqueles curtos reglóns, como se tratara d'adeprendelos de memoria, ou se tratase d'adiviñar ou escudriñar o senso de cada palabra. Abréu a carteira, e depositóu n-ela, coidadosamente, aquél escrito. Miróu o calendario. Era vernés, vinte; logo, o baile, tiña de sere o próisimo domingo...

Erguéuse e se dirixéu ao balcón. Abstraído, mirando sin vere, contemplóu a xente que comenzaba á se amontoar na Rambla.

O reló do despacho tocóu pausadamente oito bate-ladas.

Apartóuse paseniñamente do balcón, puxose o sombreiro, e, dirixíndose ao seu dependente, díxolle:

—Xa pode marchare, Lois.

Dez minutos despóis quedaba o despacho valeiro, i Enrique perdíase entr'a multitude leda e alguieira da rúa.

* * *

Os salóns de don Ricardó Castellví achábanse atexidos do máis selecto e distinto da alta sociedade barcelonesa.

Costosas alfómas e ricos tapices cobrían o estrado e as paredes d'aquelas habitacións amuebradas con verdadeira fastuosidade. Todal-as luces estaban acesas, i era tanta a iluminación, que somellaba que o astro do día donaba alí ás acochadas un raio da sua luz.

Sirventes de librea galoncada, e guantes brancos, andaban d'unha á outra banda atendendo aos invitados. O esmóquin baraxábase cò frac e a levita, e contrastaban cós magníficos traxes das señoras e os vaporosos vestidos das señoritas.

En fin, sería perdel-o tempo o qu'intentásemos dar unha idea reflexa do aspecto qu'ofrecían aqueles salóns abondosos de luz e magnificencia, pois non seríamos capaces de o facere, nin teríamos suficiente aco-

pio de palabras para o expresare. Imaxinádevos a máis expréndida recepción que puidérase facer no máis fermoso pazo da terra, con magníficos ornamentos, abundancia de traxes riquísimos e unha verdadeira fertuna en xoias, e teredes o efecto que producían aquela noite os salóns de don Ricardo.

Perdido entr'aquela distinta concurrencia, achábase o noso amigo Marsal, quen s'esforzaba en descubrir a Monserrat. Un momento a vira ridora e satisfeita tendo ao seu redor un verdadeiro enxame de xóvenes. Enrique, dirixíase presuroso ao lugar en qu'a houbera visto, máis cando chegaba, xa tiña desaparecido a súa boa amiga. No salón de baile, a vía pasare vertixinosamente por diante dos seus ollos, en brazos do compañeiro, perdéndose tamén inmediatamente entr'as demais parellas.

O noso amigo non bailaba, e aburríase soberanamente. Atopábase alleo n'aquela sociedade que non era a súa; a atmósfera carregada qu'ali se respiraba, o atafebaba, e víase pequeno e insignificante ao carón d'aquelas persoas de posición tan elevada, con eles baraxado, no meio d'aquél bulicio e animación.

Nada d'esto acontecíalle á Eduardo, qu'afeito á aquelas cousas, conseguén d'end'os primeiros momentos adonarse de Monserrat, da que procuraba separarse o menos posibre, e á qu'había comprometido á metade dos bailes. Non por todo elo deixaba d'axexar os máis pequenos movementos d'Enrique, i él era quen levaba á Monserrat d'un á outro lado cando vía apropiarse ao seu rival para qu'este non puidera falar co-a súa amiga.

A xovenciña, ignórate d'estas baixas maniobras, deixábase levar por Eduardo, e máisima, sendo como era a conversa d'este, farto agradable, e co-a que lo-graba qu'a xoven s'esquecera da existencia do "desertor" á quen tiña invitado.

Eduardo poñía en práctica o seu proxecto d'enamorar á Monserrat, valéndose da táctica dos salóns. O primeiro que se propuxo, foi o non deixare que s'entrevistaran os dous xóvenes, e xa deixamos dito qu'o conseguén sin dificultades; o segundo, separarse o me-

nos posibre da filla de don Ricardo, e tamén o lograbá; o terceiro era onde tiña de desprezare maior dipromacia e oportunidade, i era o lle decrarare o "seu" amor á Monserrat, cousa que tamén levaría á termo, dendo momento en qu'ela sin se dare conta, deixábase infruír pol-as palabras do xoven, e cedía ás suas peticións. ¿Lograría o seu propósito?

Ao comezar un baile e pretestando a moita calor que facía na sala, Eduardo conduxo á Monserrat ao xardín, e sentáronse n-un tallo meío oculto pol-o follaxe. Entón creu chegado o momento axeitado pra decidil-a situación no seu favor.

—¡Que diferenza—comenzou decindo—do ar puro qu'aquí se respira á atmósfera carregada dos salóns! ¿Non é certo, Monserrat, qu'os pulmóns dilátanse con deleitación ao recibire o frescore da noite?

—Pode decil-o, Eduardo,—respondéu'lela.—Este ar saturado pol-o cheiro das frores, chega ata o máis fondo do noso espritu.

—E máis agora, que ao cheiro de todas esas frores, xúntase o d'outra fror máis bela e fragante que todas elas.

—¿Cal fror é esa si se pode saber?

—Unha fror nada nos salóns. A qu'eu collería para mín, e a que por merecel-a daría tod'ó meu sangue.

—Moi bela debe sere pra facel-o falar de tal maneira...

—Moi bela, sí, Monserrat; a máis bela da terra... i eu tivena preto dos meus labreg, e a non beixéi, por temere que ao meu contacto co-ela, perdera a sua pureza virxinal.

—Son tantas as frores qu'a vostede danlle pracer...

—Máis ningunha como ela. Ela é pra mín com'unha diviñidade. Sí, non ría, Monserrat. Por ela sinto un respoeto e un amor tan grande, como solo por Deus pódese sentire.

—Poida ser que teña razón... e diga ¿está moi lonxe esa fror?

—Moi preto de mín.

—Pois prégolle que ma enseñe. Teño deseios de ve-

— Se si é tan fermosa como vostede dí, porque non me ffo moito das suas pálabras.

— ¿Deseia vel-a? ¿Deseia saber quen é?

— ¿Dixo vostede: “quen é?”

— Sí, Monserrat, porqu'é vostede aquela fror delicada, a máis bela entr'as belas...

— ¡Oh!

— Sí; vostede é aquela por quén eu daría a vida; aquela de quén non podo resistire a sua mirada sin que sinta un forte estremecimento en todo o meu ser; aquela en fin, a quén eu quero por de riba de toda cousa humán...

— ¡Cale, Eduardo, por Deus! Eu prégole que non me diga esas cousas...—mormurou a xoven.

— Non, amada miña. Eu non podo calare por máis tempo, preciso que coneza o amor choído no meu peito... Déixeme lle decir qu'a quero, que non podo vivire sin vostede... sin tí... sí, sin tí, sin o teu amor, fonte purísima d'augas cristalinas, qu'han d'apagare a sede d'amar que me consome.

— ¡Eduardo, non m'atorniente... teña piedade de mín...!

— Ten-a tí tamén de mín—repuxo él pasándolle o brazo pol-o ban e atraéndoa hácia si—; unha soía palabra tua pódeme facer feliz. Dime que me queres... ¡que tamén tí sintes a pasión inmensa qu'eu sinto...!

— Sí, Eduardo... ¡te quero!—dixo quedamente ela sentíndose vencida e deixándose apertar.

— ¡Por fin!—se dixo á sí mesmo o falso namorado, ao tempo que unha sorriso de trunfo dibuxábase nos seus labres.

* * *

Pasadol-os primeiros momentos d'emoção ao se serenare Monserrat, pasou pol-a sua imaxinación á figura homilde e simpática d'un amigo esquencido, e se desprendendo dos brazos d'Eduardo, un nome brotóu dos seus labres:

— ¡Enrique!—exclamou con amargura, como repudiándose do seu acto.

Eduardo decatouse da reaccion da xoven, e ao ouvir sonar aquél nome, pensou en se librare para sempre do seu rival. Unha maligna inspiración surxeu no seu pensamento, e recobrando o dominio, exclamou:

—Non pronuncies ese nome, Monserrat. Non é digno de pasar pol-os teus labres.

—¿Por qué?—perguntou ela sorpresa.

—¿Non che sorprende qu'o teu amigo non viñera á te vere dend'aquél día da pasada semana?

—Si que me sorprende, máis...

—¿O non invitaches á esta festa?

—Invitéi.

—E non ch'estraña que non viñera á bailar contigo, nin aínda siquiera á te saudar?

—Si, máis... ¿que quere decir...?

—Quero decir qu'o "teu amigo"—e recalcóu estas palabras—non s'afouta á se presentare diante tua, porque coída de qu'o sabes todo.

—¿Todo...? ¿todo de qué? ¡Termíñe!

—¿Queres que cho diga?

—Si, fale axiña.

—Entón, ben: Enrique Marsal, o teu amigo, deixou-se decir por todas partes que vos queríades, máis que como teu pai non s'aviña á esas relacións, estabas disposta á fuxir co-él, e qu'a eso obedecía a invitación que lle mandaches para esta noite.

—¡Canta indignidade! Máis... non pode ser...! Enrique é moi nobre e moi bó para facer semellante cousa... ¡E falso, é unha impostura!

—Digocho eu, Monserrat! ¿E que dudas de mín?

—Non, non, máis...

—Para que te convezas, preguntáremoslo ao marqués da Roda. Ven.

Os dous xóvenes entraron na casa. O marqués atopárono na sala de xogo. Eduardo chamóuno, e fíxolle a seguinte pregunta:

—Vostede, marqués, qu'é persoa de creto, ¿é certo que Marsal...?

—Xa o creio qu'é certo, contestou o interrogado—E un calumniador, indigno d'estare nin un momento n-es-

da casa. ¡Non anda decindo pouco mal de vostede, Monserrat!

—¡Parece mentira!—exclamou a xoven—Endexamáis crería eu qu'Enrique fora capaz de somellante vileza...! Perdoa, Eduardo, si dudéi de tí...!

—Non teño nada que che perdoar. Comprendo o ben engañada que te tiña ese hipócrita,—e dirixíndose ao marqués, díxolle:—Moitas mercedes, e perdoe si l'estorbéi a partida...

—De ningunha maneira—respondéu aquél e añadéu en voz baixa: —¿Como saliches?

—Victorioso en toda a liña—contestóulle Eduardo no mesmo tono de voz.

E ofrecendo o brazo á Monserrat, voltaron amos á sala de baile.

A porta atoparon cò probe d'Enrique, quen, morto de sono e d'aburrimento, buscaba a xoven pra lle darte as gracias e se despedire, ignórate da escena do xardín, e ben alleo de sospeitar a calumnia que l'impuñaran.

Ao vere á sua estimada, seus ollos s'animaron, e acercándose á ela exclamou:

—¡Monserrat!

Esta miróuno d'arriba á abaixo, e volvéu a mirada para outro lado.

Enrique quedóu pálido cò desprante. Aquela mirada penetrara ata o fondo do seu corazón, como a fría folla d'un coitelo. Sintéu atafego, que todo daba voltas ao seu redor, e abatido, conténdo os saloucos que loitaban por lle fuxire do peito, foise ao xardín, e se deixando caer no mesmo sitio onde pouco antes estivera Monserrat, rompéu en amargo e copioso choro.

Serenouse; tomando unha firme resolución, penetróu na casa, e collendo o abrigo e o sombreiro, saéu d'alf rápidamente sin volvel-a testa pra aquela casa, onde deixaba, mortas cicáis para sempre, as primeiras e únicas ilusións d'amor da sua vida.

II

A RUÍNA

Amañecía. O craror da alborada filtrábase pol-ocristiás da fenestra, e aínda había luz acesa no despacho de don Ricardo. O opulento home de negocios traballa diante d'un montón de documentos que tén espallados pol-a súa táboa de traballo.

A profunda enrugada que surca a súa frente, e o estare traballando á aquelas horas da madrugada, amosan qu'algún motivo poderoso o tén preocupado. O enroxeamento dos seus ollos acúsan-o d'haber pasado a noite en vela, así como tamén, a fadiga e o cansancio que nótase na súa faciana; máis así e todo, o home de negocios non se rinde, e continúa traballando con alicoo.

¿Que causa pode tere tan preocupado ao poderoso? ¿Que contratempo puido feril-o tan gravemente que lle rouba o repouso? Solo indo á Bolsa podíase saber d'aquél misterio: facía dúas datas qu'as accións da compañía mineira X sufrían unha continuada baixa. E don Ricardo Castellví, tiña toda a súa fortuna comprometida n-aquéles títulos...

Día trais día agardaba a normalización, se aferrando á esta derradeira fiducia, como aférrase o náufrago á unha sinxela astela de madeira, debile para resistire o seu peso.

Ao fin a realidade fría e ispida, convencéuno de qu'a súa ruína era un feito. E cando envolteito xa nos priégues da desgracia, petou nas portas dos seus amigos en demanda d'axuda, con excusas e bós modos despedírono unhos, roñosos e malhumorados, outros. Todos aqueles que preciábanse de sere seus amigos nos días de fartura, foron os primeiros en o abandonar cando as privacións rondábanlle a casa.

Soio un camiño quedáballe por andar; demandare auxilio do Barón de Santa Creu, pai d'Eduardo prometido oficialmente de Monserrat. Aínda qu'esto de pouco podíalle valer, suposto que xa a boda houbera sido aprazada á petición do noivo, e as escusas qu'houbéranlle dado para o aprazamento, o non convenceran do todo. Ademais, xa era decatado de certo friaxe nos saúdos de Eduardo, friaxe qu'achacaba don Ricardo á marcha quibidabre dos seus negocios.

Demais está o decire que todo esto era un segredo para Monserrat pois seu pai non tivera valor para lle confesare por duas razóns: unha, porque ao lle falar do enfriamento d'Eduardo, tiña por forza que lle contar a súa situación económica; e segunda, por non lle arrincar as súas ilusións amorosas, e qu'adentáis podían sere infundadas as súas sospeitas.

Así é qu'a xoven vivía completamente feliz, allea á desgracia que cerníase sobr'o seu fogar. E certo qu'o aprazamento do seu matrimonio a houbera contrariado, máis a súa inocencia o atribuíra aos compromisos e moitas pequeneces qu'é méster salvare n-estos casos.

A situación non obstante, non podía prolongárese moito tempo; finalmente, chegado foi un momento en qu'ela creu notare menos afecto nas palabras do seu prometido, e menos asiduidade e duración nas visitas. Ao comenzo, ela mesma convenciase das súas sospeitas, máis vendo qu'a actitude de Eduardo non trocaba, decidíuse unha mañán á lle contar á seu pai.

Co-este obxeto, dirixéuse ao seu despacho e o non atopóu. Empuxóu suavemente a porta da súa alcoba, e o leito estaba intacto. Anguriosa, perguntóulle á un criado, í éste, con grande sorpresa súa, rêspondéulle:

—O señor saléu moi de mañán.

—¿A qué hora?—indagóu ela.

—Serían as oito e meia.

—Non dixó onde iba?

—Non, señorita.

Monserrat intrigada pol-a saída de seu pai á aquela hora, na que non tiña costume de saír, se l'oprimindo o corazón por unmal presaxio, foise par'à súa

alcoba, e pechóuse por dentro. Ao pouco tempo, chamóu á criada e ordenóulle:

—Si vén o señorito Eduardo, dílle que saín.

—Está ben, señorita—respondéulle a criada facendo acto de se retirar.

—E cando veña meu pai, avisame.

—Será servida, señorita. ¿Manda algo máis?

—Non; pódeste retirare.

Maquinalmente colléu un libro, abréuno ao azar e lèu:

.. "Qu'estemos separados sendo ponlas,
¿qu'importa sí a raíz nos tén unidos?"

Era o libro de poesías qu'Enrique ll'houbera prestado. N-aquél momento sintéu qu'os ollos enchíanse-lle de bágoas, e murmuróu:

—¿Por qué tiña de facel-o, por qué...?

De súpeto, sacouna da súa distraición a voz da criada que decíalle dempois de lle petar á porta:

—Señorita, o señor chegou agora, e agárdá no seu despacho.

—Está ben. Vou axíña.

I enxoiando con rapidez os ollos, foise en atopo de seu pai.

Este paseiábase nerviosamente pol-o despacho e ao vere á súa filla, díxolle con voz qu'aparentaba ser serea:

—¡Ola, Monserrat! Séntate e tén pacencia, pois temos de falar de cousas importantes.

A xoven obedecéu agardando anguriosamente o que lle diría seu pai, sentindo un escalofrío pol-o corpo ao notare a axitación de don Ricardo.

Sentóuse éste frente á ela, mordiscando nerviosamente as uñas. De súpeto, erguéuse, dou unhos cantos paseios pol-o despacho, e volvendo á se sentare, comenzóu:

—Monserrat, miña filla; ata o d'agora procuréi ocultare a verdadeira situación nosa para ch'evitare un trastorno, e tendo fiducia de que podería conxural-o **conflicto...**

Erguéuse novamente don Ricardo, paseióu axitada-

mente un anaco, pasóu unha man pol-a fronte, e sentándose outra volta, prosigúeu:

—Fai duas semanas qu'os nosos intreses sofriron unhas fortes sacudidas á causa da baixa das accións, nas que teño impostas tod'ó meu capital. Eu paséi as noites en vela, eu improréi amargamente, eu sufrín en silencio, porque figurábáseme un crimen o turbare a tua felicidade, e non quería empañare os teus ollos co-as bágoas... Eu traballéi desesperadamente, eu andiven d'unha porta á outra: todas as atopéi pechadas... Os amigos abándonáronme, e a ruína meteúsenos pol-a porta, casa adentro... ¡Estamos perdidos!

decindo estas palabras, don Ricardo, rompéu en salucos. Monserrat, branca com'ó papel, sin perdel-a serenidade, sentándose no colo de seu pai como cando era pequena, pasóulle o brazo pol-o cuello, e o acariando, procuraba calmarlle o seu desconsolo, decíndolle:

—Vaia, meu pai; non chores... Sé valente diante da desgracia. ¡Mira par'á tua filla como non chora, i está disposta á loitar! Toma exemplo de mín... ¿Qu'importa que seamos probes, si tésmo á mín para te consolare? Ademáis, pode ser que non todo esté perdido... Eduardo non nos deixará, ¿por qué non fuches á llefalar?

—Xa fun, e ¡oxalá o non houbera feito!

—¿Por qué, que che dixó?

—Dend'o primeiro momento en que comenzamos á falar, notéi unha gran frialdade nas suas palabras. Fixen como que non me daba conta, i expriquéille o motivo da miña visita; fixénlle ver a nosa situación; faleille do teu amor... Escoitóume distraidamente, sin lle poder notar a máis pequena alteración na sua faciana. Dixome dempóis qu'él non podía facer nada por mín, e que cicáis seu pai o faría, que me chegara á vel-o. Vin ao pai, e a mesma impasibilidade atopéi n-él que no fillo... Escoitóume de mal xeito, e cando rematéi de falar, escusóuse con qu'a sua situación non lle permitía m'axudar, e decíndome qu'él i Eduardo tiñan moito que traballare, acompañóume ata a porta... ¡Votoúme fora!

Un longo silencio siguéu á estas palabras. Monserrat, soparándose d'él, foise chegando á fenestra, e apoiando a fronte nos vidros, contemplaba tristemente o xardín... Don Ricardo quedou sentado co-a cabeza baixa, abatido, acongoxado...

Un forte salao fuxéu do peito da xoven, e se voltando para o seu pai, sin se movere d'onde estaba, preguntou:

—¿E que pensas facer agora, meu pai?

—Coido qu'é preciso o terminar d'esta situación de luxo en que nos atopou a desgracia, o maior tempo posible. Mentras tanto, venderemos as xoias e os poucos bens que nos quedan á ver si no entre tanto a sorte móstrase menos cruel con nosoutros.

—¿E si dempóis de o haber vendido todo, quedamos na máis absoluta miseria, sin qu'a veleidosa sorte se sirva volver, que faremos...? Non, papai, non; á tua filla non lle parece ben o teu propósito.

—Entón, ¿que queres que fagamos, Monserrat?

—Eu non sei si o meu parecer é bó ou malo. A min paréceme ben, vendel-o todo, e cós cartos qu'obteñamos da venda, mercar unha casaña n-un pobo lonxano, onde ninguén nos coenza. Alí poderemos vivir modestamente e con tranquilidade. Ademais, son unha boa bordadora, e malo sería que dando leccións, non ganara o suficiente pra facéremos eu e máis tí, unha vida homilde e retirada.

—Tí, miña filla, tí, ter que traballar...!—exclamou don Ricardo emocionado.

—¿E por qué non? ¿E tan deshonoroso o traballar...? Xa qu'eu descanséi mentras tí te desvelabas, xusto é de qu'agora seia eu quen traballe, para que tí repouses.

—¿Eres un anxo, Monserrat, eres un anxo!—repetía o probe pai cós ollos anegados en bágoas.

—¿Ben, ben!—dixo a xoven sorrindo—xa que son un anxo, terás de seguire os meus consellos si qu'este salvare.

—¿De conformidade!—exclamou don Ricardo xa máis animado e sentindo renacer a fiducia no seu corazón—¿Que teño de facer?

—Chamar aos criados, lles explicare a nosa situación, e despedil-os.

—Moi ben; fora gastos. ¿Que máis?

—Encarregar ao notario que se coide de vendel-a casa e todo o demáis.

—Tamén-o atopo acertado.

—E derradeiramente, busca á algunha persoa que se cuide de nos mercare unha casa e amuebl-a, en calquer pobo pequeno, que seia bonito, i esteia lonxe da capital.

—Entón, comenzaremos pol-o primeiro.

—¡Así m'agrada! Eu mentras tanto, d'èpxote, pois teño qu'arregrar as miñas cousas.

—¡Val, e que Deus t'acompañe, miña filla!

Marchou Monserrat, e don Ricardo quedou mirando amorosamente como s'alexaba. Dempóis tocou o timbre, e ordeou que todol-os sirventes pasaran ao seu despacho.

*
* * *

A valerosa xoven achábase verdadeiramente atrafegada na súa alcoba, separando aquelas cousas que de nada podíanlle servir na nova vida que tiña de comenazar ben pronto, d'aquelas outras que pol-a súa sinxeleza, tiñan de lle facer servicio. Así foi pasando curiosamente á unha maleta, aquela súa roupa máis desprovista de luxo e máis resistente. Dempóis fixo un paquete dos obxectos que lle recordaban persoas estimadas, e ao ire separándós, seus ollos tropezaron co-un retrato que estaba esquencido no fondo d'un dos caixóns do seu "secretet". Colléuno e o mirou coñ visible emoción, cando unhos golpes dados na porta da súa alcoba, fixéronlle volvel-a testa.

—¿Quién chamá?—perguntou sorpresa.

—Son eu, señorita,—respondéu a voz da criada—.
¿Se pode entrar?

—Si; pasa, Isabel.

Entrón a criada. Era ésta unha xoven d'unhos vinte anos, filla d'unha vella cocíñeira qu'había morfo na

casa. De pequenas, a filla dos señores e a da humilde sirventa houberan xugaço xuntas, e xuntas tamén houberan adprendido as primeiras letras. Cando a cocifeira morréu, pégou á sua ama, por quen sentía unha fonda adouración, que velase por aquela filla que deixaba soa no mundo. Así prometéullo a ama e así o cumpreu ata os derradeiros días da sua vida. ... Dito esto, pódese comprendere o qu'as duas xóvenes se quixeran como duas boas amigas. Isabel acercóuse á sua señorita, e díxolle:

—Señorita Monserrat, o señor chamóunos á todol-os sirventes ao seu despacho, e fixonos ser sabedores da desgracia que sofre; todos o sentimos como si nos pasara á nós, porque vostedes foron sempre moi bós para connosco.

—Si, Isabel, si.

—Máis eu, teño maiores motivos, que ningun para lles estar agradecidos. Eu non podo esquecer que ao quedare soa no mundo en vostedes atopéi unha segunda familia; que vostedes soupéronme levar pol-o camiño da honradez e da virtude; qu'o pouco que sei á vostedes o debo...—e decindo esto a criada poñía toda a alma nas suas palabras.

... —Ben, ben—interrumpéu Monserrat—. Non penses n-esas cousas; non valen nin a pena de falal-as.

—Non, señorita. Eso o non podo pagar máis que co-a vida, e por eso prégolle que non me vote do seu carón, que me deixe seguila á onde vaia. Da mesma maneira que de pequena, vivín xugando con vostede, tamén vostede debe compartire connigo o seu delor...

—¡Ti..., ti...!—exclamó enternecida Monserrat.

—Eu, si, señorita. Eu estou acostumada á traballar e iréi á facer servicios pol-as casas. Eu os coidaréi; vostede non terá que facer nada, nin pasal-a vergonza de pedire traballo en parte algunha.... Eu dormiréi n-un curruncho da sua alcoba, e xantaréi un anaco de pan cando lles sobre...

—¡Non, anxo meu!—repúxolle Monserrat deitando bágoas de ledicia.—Xa que non queres te separar de nós, seia. Máis tí serás a miña amiga do corazón, mellor ainda, miña irmán. Si un anaco de pau temos na

-casa, ti o comerás connosco, como connosco partirás as mágoas e as ledicias..

—¡Señorita Monserrat!

—¡Isabel... unha aperta!

E un bó anaco quedaron as duas xóvenes, unha en brazos da outra, misturando as suas bágoas ao se beiaeren.

Separáronse. Isabel reparou no retrato que Monserrat deixara fora do "secreter", e mostrándollo, exclamou:

—¡Probe Enrique! Este si qu'é máis bó qu'o pan, e o non creio capaz de cometeré unha mala acción. En sempre tiña pensado qu'él era o que tiña de se casare con vostede.

—Eu tamén tiña enxergido que me quería, á pesare qu'endexamáis dixome nada que me dera lugar á pensal-o. Eu tamén o creía bó, ata qu'Eduardo dixome que falaba de mín... máis, ascoita, non quero que me trates de vostede, ¿sabes?

—Si vostede o ordena... ¿Non pensache nunca na posibilidade de qu'a acusación feita por Eduardo, fose falsa, e con intención de quitare de diante ao seu rival? Eu non sei por qué dubidéi sempre da boa fé de Eduardo.

—Sí, Isabel; tamén eu cando Eduardo dixome o que xa tí sabes, púxeno en dúbida e o non podía creere. Aínda hoxe, traballo me costa... ¡Si non fora o testimonio do marqués da Roda...!

—¿De quen dixeches...?

—Do marqués da Roda.

—¡Ah, ladronazo! ¡Agora o comprendo...!

—¿Qué, que comprendes...? ¡Fala...!

—¡Tan boa peza é Eduardo com'o marqués!

—Explicate Isabel, cáusasme anguria...

—Sí, escoita. Aquela maldita noite do baile, ao eu entrar no saloncete á buscare o abrigo e o sombreiro da señora de Camps, cando íbame á retirare, sorprendín o rumor d'unha conversa sostida en voz baixa na sala do lado. A curiosidade fixome detêr, e me poñendo á ouvir acochada no cortiñón, soío apercibir rumor de voces. Agudizando un pouco o ouvido, pui-

den máis tarde apañar as seguintes palabras: "Hañ que ter en conta que ao bailaren os dous, falarán, e descubrirase todo" —Non teñas medo (respondéu a outra voz) porque xa m'encargaréi eu de que non cheguen a falare—eañadeu: "Marqués, non s'esquenza do que tén que falar si chegara á precisar do seu testimonio, i en pago, daréille as cinco mil pesetas", contestando o aludido: "Xa está feito".

Dempóis, sentín que saían; agardéi un anaco para saír eu á fin de que non se decataran ós que foran de qu'os puidera haber ouvido, e como aquelas palabras qu'ascoitara nada acraraban para min por non sabere ao que referíanse, endexamáís volvíu a me lembrare d'elas.

—E certo, sí, é certo qu'Enrique era inocente!—exclamón Monserrat con ledicia—¿Por qué non mo dixeches antes, Isabel...!

—Por non sabere do que se trataba. ¿Como podía pensar eu que trataran d'unha vileza tan grande?

—Tés razón.

—¿E de qué nos poderíamos valer para qu'Enrique volvera á tí, Monserrat?

—¿Que sei eu!

—Si teu pai fora a lle falar...

—Paréceme ben. Acompañame ao seu despacho.

E ás dúas amigas dirixíronse á presa á ver á don Ricardo, quen n-aquél momento dispoñíase á saír. Faláron animadamente co-él, i este saéu con precipitación da casa.

* * *

Era a unha do serán cando don Ricardo voivéu. Monserrat e Isabel saíron á recibil-o ao xardín, i él ao vere a mirada interrogadora das dúas xóvenes, díxolles:

—Fun ao despacho d'Enrique. Máis, imos á xantar qu'alí contaréivol-o todo. Isabel, pon un cuberto pra tí na nosa táboa, que dend'hoxe, consideraréite comó á unha filla.

Poucos momentos dempóis estaban á táboa don Ricardo e as duas amigas. Comprendendo éste a ansiedade qu'as domiñaba, entre bocado e bocado falou-lles d'este xeito:

—Dempóis de que vosoutras me contáchedes a vileza cometida cò probe Enrique, tal como tiñamos acordado, dirixínme ao seu despacho. Entréi, e non vendo alí máis que ao seu dependente Lois, manifestéille o obxeto da miña visita, e púxome en coñecemento de qu'Enrique ao outro día de se celebrar o baile na nosa casa, decidéu saír de Barcelona, deixando encarregado á él, da marcha dos negocios. Ao lle perguntar á que pobo se dirixira contestóume qu'ó non sabía, pois dend'aquél día non soupera máis nada d'él.

Fixo don Ricardo unha pausa, e prosigüeu:

—A xuzgar pol-as palabras, eu entendín que Lois sabía do paradeiro d'Enrique, máis que negábase a decil-o, cumprindo cicáís as ordens recibidas do seu xefe. Entón, franquéime co-él e contéillo todo: a nosa situación, a maneira de como nos enteramos da indigna maquinación d'Eduardo, e, finalmente, os nosos propósitos de nos retirare á un pintoresco pobo qu'estivera alonxado da vila. Escoltóume Luis atentamente, e aprobando a nosa decisión, ofrecéuseme para nos mercare unha casaña do noso gusto para ir á vivire n-ela. Aceptéi acto seguido seu xeneroso e desintresado ofrecimento, e díxome que mañán mesmo daríame noticias, pois dábase a casualidade que sabía d'unha qu'estaba en venda.

Despedíme d'él, e me dirixindo á casa do notario, dinlle orden de qu'ó vendese todo, e depositéi alí as malditas accións.

E agora—termiñou decindo—xa o sabedes todo. Non sei por qué, máis síntome máis animado, lamentando tan soio o non haber podido falar personalmente con Enrique pra l'ofrecer de novo a nosa amizade, aínda qu'agora, endemal, vale ben pouco...

—¡Probe Enrique!—exclamó tristemente Monserat.

—Ben, ben,—interrumpéu de contado, Isabel—: non é cuestión de se poñeren tristes, ao contrario. Todos debemos alegrarnos do resultado da visita. Ademais, non deixa de m'extrañare a coincidencia de que teña Lois unha casa apropiado para nosoutros.

—¿Que queres dicir, Isabel?—preguntaron á unha Monserrat e don Ricardo.

—Nada, deixemos correl-o tempo. Preparémol-o todo agora par'a marcha, que cando máis axiña seia, mellor. ¿Vés, Monserrat?

—Si, imos.

E as duas amigas saíron do comedor, deixando caviloso á don Ricardo co-as palabras ditas por Isabel.

Aquél mesmo serán, recibiron a visita de Lois, que n'elles traía a boa nova de qu'había atopado a casa que lles conviña. Era unha casinha, non moi grande, rodeada d'un xardín, situada á un extremo do pobo de Vilajoliua, moi preto dos bosques e d'un lago.

Tres días máis tarde, don Ricardo había feito a venda dos seus bens, mercando por unha reducida cantidade a casinha buscada por Lois.

O día da marcha fixéronse conducir n-un coche á estación, onde atoparon á Lois qu'os tiña d'acompañar pra lles facer entrega da nova casa. Mercaron os billetes, i entraron no soitario compartimento d'un vagón.

O tren foi aumentando a velocidade e corría desenfrenadamente entre vides e bosques. Alá, ao lonxe, a gran urbe, prena de balbor e trafego, baraxándose a opulencia co-a miseria, a virtude co victo, o dolor co-a ledicia...

III

POSTA DE SOL

Pasados os primeiros días que foron adicados ao arreglo da nova casa, Monserrat, en compañía d'Isabele don Ricardo, foron á visitare ao señor rector, home afabre e bondadoso, por quén sentía todo o pobo unha grande estimación e respecto. Ben o merecía; a pesar dos seus setenta anos ben cumpridos, non tiña un momento de repouso ao se tratare de algo que acontecéralle aos seus feligresas. Practicaba cristianamente o fomento da virtude, e cumpría co-as obras de misericordia máis alá moitas veces de á onde él podía chegare.

O señor rector recibeu afectuosamente aos nosos amigos, e escoitou con moita atención o relato das suas desgracias. Máis cando as duas rapazas o fixeron sabedore dos seus desexos de atopar traballo có que ganar para o sostenimento da casa, aquél bó home non puido por menos que se sentir conmovido; cós ollos húmedos pol-a emoción, alabou e bendixó a resolución d'elas, tan chea d'humildade e sinxeleza e prometéulles que lles axudaría á buscare o traballo que deseaban atopar.

Dempóis de ofrecérense respectivamente 'os seus fogares, e de se brindaren unha fonda amizade, despedíronse do venerable anciano, e aproveitando as horas que lles quedaban do serán, deron un longo paseo pol-os arredores do pobo para contemplare a beleza do paisaxe.

Deixaron a carreteira, seguiron por un carreiro, e atravesaron un val cuberto de fina herva matizada de frores brancas e bermellas. Ao cabo d'unha hora de camiño, chegaron á veira d'un lago, cuias augas craras

e tranquiliñas, rizaba docemente o ar puro da montaña, o que ao pasare pol-o bosque, traía emanacións de pino, romeiro, fluncho, e tomillo.

Os nosos amigos camiñaban paseniñamente sin decir palabra, cal si temeran profanar co-as suas voces o silezo maxestuoso que reinaba n-aquél fermoso curro da terra.

As augas mansas do lago extendíanse formando unha chanura cristaiña, na que reflexábase coma n-un espello, o azul purísimo do ceo. O sol, que corría á se poñere, reflexábase no lago deixando unha brillante estela coma un camiño de luz; as outas montañas cubertas de frondosos pinales circundaban o paisaxe, deixando tan soio unha saída ás augas que fomando ridores e xuguetóns regatos, esbaraban murmurantes pol-os freridos prados.

Diante de tanta beleza, en meio d'aquela quietude solemne, sinte o sér humán unha serenidade no espírito, e unha tal sensación de felicidade e dozura, que o fai sentírese avergonzado en presenza da maxestuosa grandiosidade da Natureza...

Cando máis abstraídos atopábanse nosos amigos, Monserrat deixou fuxir unha exclamación d'asómo, ao tempo que cō brazo extendido amostraba un grupo de penas no que viase un xoven sentado, cōs ollos fixos no lago. A exclamación da rapaza fixo saír do seu ensimismamento ao rapáz, que non era outro qu'Enrique, quen aos reconecere, erguéuse rápidamente e dirixéuse á saudare aos seus amigos que de maneira tan inopiñada presentábenselle diante.

Ao velo Monserrat dirixirse á eles, sintéu reproducirse na sua imaxinación a escena en que o despreciara, e, roxa pol-a vergonza que sentía ao s'atopare frente d'él, non sabía que facer nin que decir. Máis Enrique, co-a sorpresa pintada na faciana e os ollos rebousantes de ledicia, como si nada houbera pasado, alargoulles a man preguntándolles os motivos de s'atoparen alí, e intresándose pol-a saude de todos.

Pasados os primeiros momentos d'emoción, e dempóis de poñere á Enrique en conecemento de canto acontecera dende aquela noite do baile, de tan amar-

gos recordos para él, puxéronse en camiño do pobo, Isabel e don Ricardo, diante, e Enrique e Monserrat, atrás.

Don Ricardo e Isabel camiñaban calados, abstraídos en segredas meditacións. Non así os dous rapaces, que d'abondo calaran e d'abondo sufriran para permanecer mudos, e falaban apurados, con entusiasmo, cal si temeran o separárense de novo.

Monserrat contoulle como fora tramada a calunnia d'Eduardo, o xeito de como fora descuberta, o qu'ela padecéera dende que foi sabedora d'aquela intriga, e colléndolle as máns á Enrique, detívose mirandô fite á fite como si da reposta d'él penderá a felicidade da súa vida, e perguntoulle anguriosa co-a voz velada pol-a emoción, qué máis que pregunta era un salafó:

—Enrique, ¿me perdona o haber dubidado de vostede?

E o rapaz, chegándoa a él amorosamente, e colléndolle á testa entr'as máns que reclinou docemente sobro seu peito, doulle por toda resposta, un beixo longo, moi longo, na fronte purísima da xoven.

Monserrat, embriagada d'amor, e anonadada ante tal bondade, sintéu que o corazón se l'apertaba, que un forte salouco loitaba por lle saire do peito, e separándose d'él colléndolle as máns, mirouno fixamente, e se votando de novo nos seus brazos, déulle un beixo queimante nos labres, ao tempo que os seus ollos deitaban bágoas d'amor e gratitude, qu'esbaraban atallándose unhas á outras, pol-as suas fazulas...

Romperon á andar de novo apurando un tanto o paso, pois Isabel e don Ricardo xa iban un pouco lexos; destón prosiguiron calados a súa marcha os dous namorados. Era tanta, tan fonda a felicidade que sentían, que non atopaban palabras con que a expresar.

Cando xa estaban preto de Isabel e don Ricardo volvéuse éste, e amostrándolles a posta do sol, exclamou:

—Mirade que maravilloso espectáculo!

Efectivamente. O astro rei descendía con rapidéz á s'acochare tráis das outas montañas. As augas do lago tinxíronse de roxo, así com'ô ceo, que ao vel-o

ao través do follaxe do bosque, daba a ilusión de que había tráís d'este xigantesca fogueira. Alá pol-o occidente xurdían apromadas nubes que anunciaban a chegada da noite.

Era a eterna loita do lusco cò fusco, sempre o mesmo, e sempre difrente. O sol, en tanto, acochábase fuxitivo tráís das montanas, deixando ao paso da sua retirada un inmenso resprandor de fogo....

Era xa ben avanzada a noite cand'os nosos amigos chegaron á nova casa de don Ricardo. A lua brillaba esprendorosa e trunfal entre aquél manto d'estrelas. Entráron na casa, Isabel e don Ricardo; Monserrat e Enrique, unidos en forte aperta, quedáronse un anaco na porta contemprando ridentes a lúa, qu'envexosa eicáís n'aquél momento da dita dos dous namorados, escondíase preguiceira tráís d'unha nube, para ocultare a carantofía de dór feita por ela, que, sendo como é a raiña do amor nas noites sereas, atópase condenada á non sere máis que un mudo testigo da felicidade das parellas amorosas, acó na terra...

FIN

Certame literario de "TERRA A NOSA"

TRABALLOS RECIBIDOS

Ata a data d'hoxe levamos recibidos os seguintes traballos, qu'imos numerando por orden de chegada:

Núm. 1. Versos, DA RAZA. Lema: «Cántalle cantos ousados—qu'esforzado o peito fan».—*Pondal*.

Núm. 2. DITOS DA TERRA, en prosa. Lema: «Tipos da terra».

Núm. 3. Novela, AMOR SINXELO. Lema: «Hercules».

Núm. 4. Novela, CATUXA. Lema: «Os tempos son chegados».

Núm. 5. Novela, AMOR Malfadado. Lema: «Marineda».

Núm. 6. Novela, ALMA GALEGA. Lema: «Rosiña».

Núm. 7. A XOLLA. «Airiños, airiños, aires—airiños da miña terra...».—*Cuvros*.

Núm. 8. Contos. Lema: «Dend'ô escano».

Núm. 9. Tipos, esceas e paisaxes da terra. Lema: «Deus fratresque Galliciae!»

Núm. 10. Versos, NO LAR. Lema: «Calade se n'entendes encantos d'estos lares—cal n'entend'os vosos tamén calamòs nós».—*Rosalía*.

Núm. 11. Versos, O CASTRO BARBUDO DE TARAGOÑA.

Núm. 12. O SEÑOR ALCALDE. Lema: «Pen Ga».

Núm. 13. O FILLO DO CESTEIRO. Lema: «Nosa terrifña».

Núm. 14. Poesías. Lema: «Lariños, lar.ños lares, lariños da miña terra».

Núm. 15. A MULLER GALLEGA.—Prosa. Lema: «Terra bendita d'Oleiros,—dame un ramalliño en frol».

Núm. 16. CONTOS ANECDÓTICOS. Lema: «Por agros célticos».

Núm. 17. VERSOS DA RAZA.—Lema: «Maruxiña».

Núm. 18. O ANXO DE FIGUEIREDO.

Certains Jitonas de "TERRA A NOVA"

TRABALLOS RECIBIDOS

1. ...
2. ...
3. ...
4. ...
5. ...
6. ...
7. ...
8. ...
9. ...
10. ...
11. ...
12. ...
13. ...
14. ...
15. ...
16. ...
17. ...
18. ...
19. ...
20. ...

A TERRA A NOSA

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

PUBRÍCASE OS DÍAS 10, 20 E 30, DE CADA MES

TIRADA 5.000 VOLUMES

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

EN ESPAÑA. 1 peseta ao trimestre
NO EXTRANXEIRO 18 » ao ano

VOLUMES PUBLICADOS

- NÚMERO PROGRAMA: UN MENSAXE A GARCÍA.
- 1.—CONTOS DA FORXA.—*Euxenio Carré Aldao.*
 - 2.—O CASTRO DE CAÑÁS (poema).—*Francisco Tellamancy*
 - 3.—HOMENAXE AO POETA. Volume extraordinario adicado á acordanza de Curros Enríquez no XI aniversario da sua morte. Contén as suas fermosas poesías «A espiña» e «Aires da miña terra» e un feixe de pensamentos en prosa e verso dos principais escritores enxebres.
 - 4.—O TESOURO ACOBILLADO (conto).—*Ricardo Carballal.*
 - 5.—FOLLAS AO VENTO (verso).—*Florencio Vaamonde.*
 - 6.—ENREDOS (comedia) prosa.—*Leandro Carré.*
 - 7.—DO CASO QUE LL'ACONTECÉU AO DR. ALVEIROS (conto).—*Vicente Risco.*
 - 8.—DA RAZA (verso).—*Euxenio Carré Alvarellos.*
 - 9.—ESCEAS DA TERRA (conto).—*Manuel Barros Arbones.*
 - 10.—AMOR SINXELO (conto).—*Luis Fernández Gómez.*
 - 11.—FRORES DO NOSO PAXARECO (versos).—*Francisca Herrera Garrido.*

No próximo volume, publicarase

VERSOS DE LOITA

por

MANUEL LUGRÍS FREIRE



MÁQUINAS PARA ESCRIBIR

Reparación y reconstrucción
de todos los sistemas

ACCESORIOS y PIEZAS DE RECAMBIO

COPIAS — LECCIONES — ABONOS

Riego de Agua, 44
LA CORUÑA



REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15799